

Tarefas de Historia de 4º da Eso para facer na semana do 23 ao 27 de marzo

Ola rapaces/rapazas: Espero que estedes a levar o millor posible o confinamento e que a cousa non vós estea a resultar demasiado tediosa. Tomádeo con calma porque moito me temo que a cousa va a ir para longo, máis do que nos dixeron ao principio. Outra cousa: as tarefas que vos vou ir mandando son para que aprendamos algo de Historia, dacordo? Non para que fagades o mínimo para logo aprobar un exame que aínda nen sequera se sabe cando se vai facer, se ao final se acaba facendo. Así que, por favor, cambiade o “chip mental” e intentade ver estas actividades como un xeito de sobrelevar millor o peche (que non todo vai ser “viciar” en internete) e saír de él, cando sexa, algo máis sabios. Dacordo, rapaces? Veña, ánimo.

Bueno, pois esta semana imos a seguir a estudar o primeiro tema de Historia que leva por título: O Século da Razón, e que, básicamente, vainos falar do que supuxo o movemnto da Ilustración no século XVIII para poñer punto final á Idade Moderna e a aquel mundo do Antigo Réxime que, a súa vez, copiaba moitas características do mundo medieval e dar paso a un novo período histórico no noso mundo OCCIDENTAL (nunca o esquezades, ok?): A Idade Contemporánea! Que, como imos ir vendo, esta vez sí, vai provocar un cambio tan revolucionario no noso mundo como non se lembraba dende a revoución neolítica (hai 10.000anos, buahhh, neno, que forte!).

Ben, isto é o que me gustaría que fixérades esta semana:

1. Facede todas as cuestións do tema, as 33. Non tedes que copiar as preguntas, e onde vos di “comenta”, pois o que tedes que facer é simplemente dar unha explicación basándovos nos contidos do tema, nunca a vosa opinión persoal, ok? Nos que vos manda ir a alguna web e facer algún tipo de álbum ou así, non é necesario que o fagades (o álbum), pero sí que visitedes a páxina e lle votedes un ollo.

E isto é todo o que me gustaría que fixérades nesta semana. Sei que son tempos complicados e incertos, pero temos que facer todo o posible por vivir dentro dunha mínima normalidade, parécevos? Agora, máis ca nunca, é momento de non ser egoistas, non pensar tanto en eu, eu, eu, e máis no que podemos facer polos demais (familiares, amigos...) para que isto non se acabe transformando na xungla da que eu vós falaba en clase. Rapaces, eu estou apelando a vosa res-pon-sa-bi-li-da-de. É tempo de madurar!

Coidádevos moito e tentade levar as cousas con tranquilidade, veña. Moito ánimo!!!